

IDENTIFICA,  
COÑECE,  
ACTÚA

Guía para profesores

# O triángulo máxico das altas capacidades

Edita:

Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSI•F Galicia)

Rúa do Valiño, 65 baixo, 15707, Santiago

Outubro de 2014

Reservados todos os dereitos. Prohibida a reprodución total ou parcial, por calquera medio, xa sexa electrónico ou mecánico, xerocopia, gravación ou sistema de microfilmes, sen autorización escrita dos propietarios

Autora

Dra. Carmen M<sup>a</sup> Pomar Tojo

Departamento de Psicología Evolutiva y de la Educación


Directora da Unidade de Atención Educativa en Altas Capacidades

Universidade de Santiago de Compostela

Deseño, ilustración e maquetación:

Guillermo Calviño Santos

Depósito legal: C 1559-2014



Todas as profesións son esixentes, reclaman coñecementos, competencias, compromiso e paixón, pero a docencia implica, ademais, unha gran responsabilidade porque aos profesores se lles demanda, e demándanse eles mesmos, xogar un papel importante á hora de pór as bases dos que serán os cidadáns do futuro nunha sociedade que debe crecer asentada na igualdade de oportunidades. Emmanuel Kant plasmouno moi ben nesta frase: “Tan só pola educación pode o home chegar a ser home. O home non é máis que o que a educación fai del”.

Por iso mesmo, administracións, sindicatos e o resto da sociedade debemos participar activamente en favor do ensino público, poñendo medios e recursos á súa disposición, recoñecendo o labor dos seus profesionais e xerando ferramentas preventivas que axuden a mellorar as condicións laborais e as habilidades dos mestres para unha mellor xestión do día a día na aula e do talento dos nosos nenos.

Non podemos esquecer que o dos docentes é un dos colectivos con maior risco de sufrir patoloxías psicosociais derivadas case sempre da falta de equilibrio entre esa esixencia do seu traballo e a falta de recursos. E esta é a razón desta guía, porque desde a CSI•F queremos contribuír a que os profesores adquiren coñecementos e habilidades para que poidan dar resposta e atender as actuais necesidades educativas, capacitación que entendemos tamén como un mecanismo preventivo ante situacións que lles poidan xerar incerteza e falta de control cos alumnos e na aula.

José Francisco Méndez Castro  
**Presidente da CSI•F Galicia**



# Guía para profesores

Non podes abrir unha porta a menos que teñas unha casa  
Tom Stoppard  
Arcadi

Memoria do Doutor Francisco Secadas, descubridor de talentos ocultos e gran mestre.

*Agradecementos:*

*Na participación nesta guía ao equipo da Unidade de Atención Educativa en Altas Capacidades da Universidade de Santiago de Compostela, en especial a Miriam Fernández, David Gómez e Laura Reyes*

# O TRIÁNGULO MÁXICO DAS ALTAS CAPACIDADES


Un modelo para o desenvolvemento de programas educativos debe ser visto como unha casa, e as distintas partes do modelo débense ver como portas a través das que nos gustaría levar aos nosos estudantes e aos profesores que os atenden. Esta é a forma en que vemos o Modelo de Enriquecemento Escolar (SEM), un plan para identificar e desenvolver os dons e talentos dos mozos. E, como unha casa, o SEM constrúese sobre unha base que consta de catro compoñentes subxacentes. O primeiro compoñente consta de dúas teorías: unha psicolóxica, que se ocupa do potencial humano coñecida como 'Modelo do tres aneis'; e unha pedagóxica, que guía un enfoque particular de aprendizaxe chamada 'Modelo de Enriquecemento Triádico'. Os modelos sobre o proceso de ensino-aprendizaxe difiren nas disposicións nas que se centran no acto de aprender, o que realmente facemos cos estudantes, en lugar das formas nas que os agrupamos, os movemos e organizamos os horarios.

Un segundo compoñente é a cantidade de flexibilidade que nos permite un modelo, á vez que mantén a integridade das teorías que subxacen nel. Cremos que un bo modelo debe ter un conxunto de obxectivos comúns pero, dentro das teorías que o compoñen, cada colexio ou docente debería ter os seus propios procedementos para alcanzar estes obxectivos. Todos os camiños levan a Roma, pero hai moitas maneiras de chegar a Roma! Este enfoque ten en conta a dispoñibilidade e utilización dos recursos e iniciativas locais e a creatividade na aplicación do programa, pois ambas fomentan o sentimento de pertenza e teñen o beneficio engadido de xerar novas técnicas e procedementos para a prestación de servizos realistas, moitos dos cales se poden compartir cos demais. Todos nós somos máis intelixentes que calquera de nós.

Un terceiro compoñente dun modelo eficaz é que debe ter unha sólida base de investigación, pero tamén debe ter o tipo de validez práctica que se manifesta nunha variedade de programas exitosos e os estudos de seguimento que mostran o efecto a longo prazo do modelo de servizos. Por último, os programas ao redor dun modelo en particular deben guiar e deben ser comprensibles aos ollos das persoas que aceptaron as teorías subxacentes, que debe guiar a investigación e a formación dos mestres e administradores, e debe ser comprensible para os alumnos e pais implicados no modelo.

# Guía para profesores

Una vez que el niño aprende que cuatro más dos son seis, repetir mil veces esta suma no le dará nueva información. A su vez sería una pérdida de tiempo tenerle ocupado en esto todo el tiempo  
(J.M. Greenwood, 1988, trad.adaptada)



## 3

### O NÚMERO TRES?

Este número vai resultar de gran axuda para adquirir, comprender e utilizar as explicacións que se inclúen nesta guía. Poderemos utilizalo, case, como unha regra mnemotécnica para lembrar todas e cada unha das variables, características, particularidades que definen e configuran o ámbito das altas capacidades na actualidade e que estruturan, dalgún modo, as intervencións educativas máis oportunas con este alumnado.

O formato que eliximos é o de pregunta-resposta, porque entendemos que o método socrático, a pesar da súa antigüidade, segue sendo o máis operativo e funcional á hora de liquidar dúbidas en campos tan aplicados como o da educación.

É aconsellable, mesmo, imprescindible ao falar de calquera aspecto relacionado coas altas capacidades, comezar cunha aclaración terminolóxica. Aínda que en Psicología parece ser o 7 o número máximo, nas altas capacidades, en xeral, e da superdotación, en particular, a estrutura recorrente é a triangular. Falamos de 3 procesos fundamentais: definición, identificación e intervención; inmersos en tres campos de actuación: teórico, investigador e práctico e, aínda máis, a superdotación vén definida por 3 variables: alta capacidade intelectual, elevada creatividade e persistencia selectiva nas tarefas. Veremos que non só nestes aspectos máis xenéricos a estrutura é triádica, tamén en aspectos máis concretos ou específicos este número é unha constante.

É difícil entender cales son as claves dunha adecuada intervención escolar con estes nenos e nenas, se non sabemos cales son as súas características primordiais e que necesidades teñen.

Os conceptos alta capacidade e superdotación ou, mellor aínda, as realidades que van inherentes a estes termos ou expresións, non están, aínda, claras, a pesar de comezar xa o século XXI, segue habendo confusión conceptual e as ideas que se manexan a nivel social están cheas de rareza e pouca salubridade.

- Non hai unanimidade (herdanza da controversia sobre a intelixencia)
- Descoñécense as características (isto dá lugar a erros)
- Confúndense con outros termos
- Hai unha actitude de rexeitamento e, mesmo, prevención fronte a eles
- Desenvolveuse unha clara e perigosa orientación mercantilista



## ONDE?

Como sinalabamos, o tema das altas capacidades ten unha tripla dimensión que reside no seu carácter teórico, a necesidade dunha constante investigación sobre o tema e, como non, a súa inherente proxección práctica. Os modelos e teorías xurdidos nas últimas décadas do século XX, analizados, actualizados, contextualizados e optimizados nos últimos anos son o punto de partida para a comprobación de hipótese e para o estudo de variables e factores que, non podería ser doutro xeito, adquiren o seu pleno sentido nas situacións reais, vivas e dinámicas que configuran o proceso educativo, concibido como un proceso que personaliza, forma identidade e dá coherencia ao educando.

Non se pode comprender ningún tema relacionado coa educación que non adquiera unha dimensión aplicada. É, precisamente, nun esquema de investigación-acción no que se enriquece o corpus teórico de calquera disciplina. E é só desde esta perspectiva, na que a conexión coa realidade educativa cotiá vese nutrida por resultados de investigacións contextualizadas e profundas, desde onde o círculo pode verse completado para seguir o seu curso natural, impelido pola propia entidade do coñecemento vivo e adaptativo.



## CÓMO?

É fundamental, antes de comezar a concretar aspectos máis didácticos e de maior rigor académico, ter en conta que tres son os procesos que de modo entrelazado determinan calquera actuación educativa con alumnado de altas capacidades. O primeiro destes procesos, tan básico como necesario, é a definición ou aclaración terminolóxica. Aínda que puidese parecer que é unha obviedade revisar o que se define como altas capacidades, pola contra a definición vai orientar calquera traballo de prospección, detección e calquera toma de decisión, do xeral ao particular: educativa, escolar e instructiva.


Cando a principios do século pasado as correntes psicometristas, centradas en comprobar a utilidade dos incipientes tests de intelixencia, con certas tinguiduras tautolóxicas, definían a intelixencia como “aquilo que miden os tests” promoveron unha definición da alta capacidade moi parcial centrada en obter elevadas puntuacións nos tests clásicos de intelixencia que avogaban por un único e exclusivo factor G. A intelixencia respondía á lei do “todo ou nada”,



# O TRIÁNGULO MÁXICO DAS ALTAS CAPACIDADES

ofrecendo poucas escalas intermedias e caendo nun certo innatismo que deixaba poucas opcións á influencia do ambiente e a contorna. Cingirse a esta definición limitiría o proceso de identificación ou avaliación á mera aplicación de tests de intelixencia e deixaría poucas posibilidades á intervención educativa.

A ampliación do marco conceptual derivada da aparición dos novos modelos de intelixencia, que a presentan como multidimensional, cultural, contextual, con dobre natureza (biolóxica-ambiental), dinámica e flexible, complica, sen dúbida, os restantes vértices do triángulo, isto é, a identificación e a intervención. Teorías como a de Howard Gardner das intelixencias múltiples, a teoría triárquica de Robert Sternberg ou a tridimensional de David Perkins, revolucionaron a praxe educativa e, polo tanto, calquera proceso de valoración de aptitudes e de optimización do desenvolvemento cognitivo.



## TODO TEN UN SENTIDO: OS PERFÍS

No intento de organizar, estruturar e dar coherencia ao maremagnun de información que as últimas e prolíficas décadas nos proporcionou sobre o mundo das altas capacidades imos ofrecer un sintético e gráfico modelo que persegue, por unha banda, responder as correntes imperantes que buscan unha educación persoal, humanizadora e integral e, por outra, axustarse á necesidade de ofrecer orientacións, pautas e estratexias cuxa utilidade satisfaga as inquietudes, dúbidas e lagoas de quen están concienciados coa diversidade educativa dentro e fóra das aulas.


A tradición cognitiva vinculou a realidade das altas capacidades cun perfil meramente intelectual, no que se determinaban características relacionadas co procesamento da información e a súa aplicación na resolución de problemas. No entanto, o rexurdir da

## Guía para profesores

intelixencia emocional, as propostas baseadas na educación socio-afectiva, a aparición de novas dificultades educativas relacionadas coa crise de valores e unha sociedade cada día máis heteroxénea e impelida cara un avance científico-tecnolóxico imparabile, fan imprescindible falar dun ser humano en evolución que non só pensa, senón que tamén sente e busca constantemente a súa identidade.

É necesario ter en conta tres perfís á hora de detectar, comprender e axudar ao alumnado con altas capacidades: cognitivo, motivacional e de personalidade. Estes tres perfís combinados de modo único, exclusivo e identificativo, que non clasificatorio, en cada neno ou nena, a través dunha especie de catalizador, tería como resultado outro tripo perfil ramificado nas áreas académica, conductual e emocional.

Esta idea tan simple como fundamental é importante para comprender a aqueles alumnos que presentan unha escasa correlación entre as capacidades intelectuais e o seu rendemento académico, aos que teñen problemas de conduta, en ocasións confundidos nunha maraña sintomática que escapa ás altas capacidades, e aos que, emocionalmente, aparecen de xeito patolóxico vulnerables e con deficitario manexo de circunstancias de natureza socio-afectiva



# O TRIÁNGULO MÁXICO DAS ALTAS CAPACIDADES

## PERFIL COGNITIVO

Dentro do perfil cognitivo é necesario distinguir entre a **casuística** e as **variables** que definen as altas capacidades. Deste xeito poderemos entender mellor a cada un dos alumnos/as que nalgún momento requiran unha atención especial por presentar unhas aptitudes excepcionalmente superiores.

As altas capacidades son un termo que, de maneira metafórica, poderíamos denominar ‘paraugas’ ou ‘abano’ xa que abarcan baixo a súa total amplitude diferentes realidades, algunha delas máis preto da realidade educativa próxima, outras moito menos. Centraremos nas primeiras.

Un dos obstáculos que nos atopamos neste punto é a superación das posibles connotacións negativas que algunha destas etiquetas pode ter, véxase o caso de ‘superdotación’. É moi curioso como o termo inglés ‘**gifted**’ axúda a superar calquera prexuízo ou reticencia ao cargar positivamente o feito de posuír un don, un ‘agasallo’ que hai que aproveitar para non perdelo. Ser ‘**gifted**’ é, literalmente, ter un talento ou unha aptitude natural, ou ‘**exceptionally gifted**’ é o que ten un talento ou unha intelixencia moi inusual. Por tanto, non estaríamos a utilizar criterios

cuantitativos, nin estaríamos a falar en termos de superioridade relativa.


As altas capacidades poden incluír casos de **PRECOCIDADE**, de **TALENTO** e de **SUPERDOTACIÓN**. Este tipo de propostas, con todo, responden, na súa maioría, a acordos da comunidade científica, quizais tinguidos de arbitrariedade, pero, cada día, máis funcionais para a práctica educativa.

**A PRECOCIDADE** defínese por criterios evolutivos e fai referencia a certa aceleración no ritmo de desenvolvemento do neno/a. Estaríamos a falar, en concreto, de nenos de 0 a 6 anos, por tanto afectaría á etapa de Educación Infantil. A detección neste caso levase a cabo, principalmente, no contexto familiar e, aínda que vai unida ao nesgo que leva a subxectividade do criterio parental, debemos conferirlle unha elevada fiabilidade, demostrada, mesmo, desde algúns estudos (Aggen e Kauchack, 1994; Pérez, 2000). Calquera conclusión que fale de precocidade debe ser entendida e aceptada con certa prudencia. A plasticidade cerebral nos primeiros anos de vida implica que nestes anos a heteroxeneidade evolutiva sexa tamén maior. Un ritmo cognitivo

## Guía para profesores

acelerado temperán pode retardarse a partir dos 5 ou 6 anos e facer que ese neno ou nena e igual en idade mental aos seus coetáneos. No entanto, os nenos e nenas que adquiren aprendizaxes como a lectura ou a escritura de modo autodidacta, sen seguir un método de ensino, que teñen un afán desmesurado por coñecer, descubrir e resolver certas cuestións propias de idades superiores, van requirir unha atención especial, principalmente no tres últimos cursos de educación infantil.

Para definir o que é o **TALENTO**, mergullámonos directamente na teoría das Intelixencias Múltiples de Howard Gardner que defende, entre outros postulados, a multidimensionalidade da intelixencia (Gardner, 1987, 2001), sustentada en teorías clásicas como a de Guilford da factorización da intelixencia (Guilford, 1956, 1967). Desde o momento en que a intelixencia non é un factor único, senón un conxunto de factores interrelacionados, pero autónomos, de maneira que unha persoa pode posuír unha boa intelixencia lóxico-matemática e, mesmo, ser mediocre a nivel verbal. Atopámonos con alumnos e alumnas que son brillantes nunha área de coñecemento (talento simple) ou cuxa mente combina de modo preciso e excepcional varios factores de intelixencia (talento combinado), esta diferenciación é fundamental á hora de levar a cabo un proceso de identificación (Castelló e Battle,



# O TRIÁNGULO MÁXICO DAS ALTAS CAPACIDADES


1998). Son os alumnos e alumnas que destacan, excesivamente, nalgunha materia e non noutras ou, mesmo, que destacan nalgunha intelixencia non o demostran no rendemento escolar. Explicaremos este paradoxo cando falemos do perfil motivacional.

poderíamos falar da elaboración dunha sobremesa, tras mesturar os ingredientes axeitados é imposible separalos por procedementos domésticos e, aínda máis, non se pode a través dos sentidos separalos e recoñecelos individualmente; o feito

Parece admitido, polo menos entre os expertos, que a **SUPERDOTACIÓN** é o resultado da intersección entre tres variables (parte individual): creatividade, motivación pola tarefa e superioridade cognitiva (Renzulli, 1977, 1978); todas elas moduladas polo ambiente e facilitadas

por oportunidades de natureza externa (Mönks 1996, Tannembaum, 1983, 1997). En calquera caso, a idea máis importante nesta definición é a que implica o termo **INTERSECCIÓN**. Entender esta idea é unha parte do camiño que nos leva a acometer unha axustada intervención escolar. A superdotación é máis que a suma de variables, o alumno ou alumna de altas capacidades ou superdotado vai aprender dunha maneira particular, idiosincrásica e diferente á habitual.

Utilizando unha metáfora moi gráfica




de que se mesturaran proporciona unha 'entidade' distinta, non é a suma das partes, senón un todo no que se conxugan propiedades de todas elas e que, polo tanto, ten as súas propiedades únicas e intransferibles. O 'excepcionalmente dotado' enfróntase á realidade dun modo diferente porque a propia percepción desta resulta, en ocasións, até selectiva e pouco realista; resolve dun modo pouco convencional os problemas e case nunca é mentalmente lineal, pola contra adoita ser circular. É, precisamente, esta falta de adaptación

## Guía para profesores

a que provoca un desencaixe frontal co sistema educativo regulado. Retomaremos este tema ao falar do perfil de personalidade.

Unha vez máis, cada unha das tres variables definidas está, á súa vez, configurada por tres factores.

A superioridade cognitiva, seguindo a terminoloxía de Sternberg (1985, 1997), podería estar configurada por: compoñentes de adquisición de coñecemento, compoñentes de execución e metacompoñentes. É dicir, os alumnos/as con altas capacidades adquiren con facilidade a información, utilízana adecuadamente e teñen dominio metacognitivo sobre o seu propio proceso de coñecemento, en todas ou nalgunha área. Por tanto, son particulares á hora de planificar, organizar e estruturar



## O TRIÁNGULO MÁXICO DAS ALTAS CAPACIDADES

o seu proceso de aprendizaxe e, en consecuencia, de resolución de tarefas.

A creatividade seguindo a autores clásicos determinábase por criterios de orixinalidade (Hallman, 1976), calidade e importancia (Torrance, 1977 e Treffinger e cols. 1990), aceptación e adecuación (McKinnon, 1962). Non é suficiente que un produto sexa orixinal para que sexa chamado creativo, debe cumprir uns mínimos de aceptación social e utilidade contextualizada. Os alumnos e alumnas creativos, especialmente a partir de terceiro curso de primaria, atopan claros desaxustes entre as demandas converxentes da aula e o seu pensamento diverxente ou lateral. É, pois, necesario abrir horizontes para que a creatividade non se estanque ou dilúa en tarefas excesivamente converxentes ou analíticas.


Por último, cando falamos de persistencia na tarefa, o propio Renzulli (1978, 1998) entende a combinación de perseveranza, traballo duro e resistencia, novamente tres procesos. Buscando outras alternativas máis introspectivas fálase doutras tres características, isto é, autoconfianza, perspicacia e fascinación. É imprescindible matizar que a persistencia nas tarefas no

alumnado con altas capacidades é unha persistencia moi selectiva, guiada, especialmente, polos intereses particulares. Esta persistencia pode converterse, en ocasións, nunha implicación obsesiva por algúns temas. De aí o paradoxo que caracteriza a alumnos e alumnas cunha gran motivación interna polos insectos, mentres a súa apatía é total á hora de enfrontarse á aprendizaxe da multiplicación. Profundaremos máis no seguinte apartado sobre este frecuente perfil disfuncional académicamente.

## PERFIL MOTIVACIONAL

O problema máis grave dos alumnos e alumnas de altas capacidades é a **DESMOTIVACIÓN ACADÉMICA**. Di un proverbio que “é máis fácil que alcance o éxito unha persoa con determinación que unha persoa con habilidade”, e atribúese ao mestre Picasso a insigne frase de “a min, a inspiración que me atope traballan-

- Os nenos e nenas con alta capacidade caracterízanse polo seu control interno e tenden a ser autónomos en calquera tarefa que realizan
- O feito de posuír talentos ou capacidades especiais permite controlar o ambiente
- Potencialmente, os alumnos e



## Motivación de logro

do”. Nun interesante traballo de revisión, hai xa uns anos, Khatena (1992) apuntaba as seguintes conclusións:

- Hai factores intrínsecos que subxacen aos procesos afectivos e cognitivos nos suxeitos con alta capacidade

alumnas con alta capacidade son capaces de lograr case todos os obxectivos que se propoñen.

Nun traballo de revisión bibliográfica de máis de 100 definicións de superdotación, utilizando a técnica da Análise Dimensional (Secadas



## O TRIÁNGULO MÁXICO DAS ALTAS CAPACIDADES

e Pomar, 2003) constatouse que máis do 50% de definicións de superdotación inclúen algún trazo relativo ao compromiso coa tarefa e, especificamente, condutas baseadas na orientación cara ao logro.

No entanto, a realidade, desafortunadamente, demostranos que en moitos casos os patróns de logro académico desenvolvidos polos alumnos de altas capacidades son insuficientes. Hai unha **PONTE IMPRESCINDIBLE** entre o **POTENCIAL INTELLECTUAL** e o **LOGRO ACADÉMICO**, trátase da denominada **MOTIVACIÓN DE LOGRO**, isto é, o impulso necesario para demostrar as capacidades a través de resultados obxectivos, tanxibles. Así pois, altas capacidades non implican Logro Académico. Este concepto de motivación de logro ten os seus alicerces elementais en correntes tan clásicas como a vigotskyana sobre a Zona de Desenvolvemento Próximo e en correntes máis actuais como a de Bárbara Rogoff sobre a participación guiada. Aínda que a teoría da orientación de Logro que realmente se relaciona coas altas capacidades e o problema do rendemento escolar é a teoría de Del Siegle que define a

motivación de logro con tres variables (McCoach e Siegle, 2003; Siegle, 2012; Siegle e McCoach 2002):

### *Expectativas de Éxito (Percepción Ambiental)*

Que posibilidades de éxito cremos que imos ter, é unha cuestión de estatística subxectiva. Se consideramos que non temos moitas posibilidades de alcanzar o que para nós é éxito o abandono prematuro é máis fácil ou, en todo caso, “deixar sempre para mañá o que podemos facer hoxe”. Os alumnos/as necesitan percibir unha contorna favorable que lles vai a facilitar o logro das súas metas. É moi curioso comprobar que o bloqueo emocional dos alumnos e alumnas de altas capacidades pode responder a dúas sensacións frontalmente opostas: medo ao éxito e medo ao fracaso, temor, en calquera caso a verse ben desbordado por unhas expectativas demasiado elevadas, ben a non lograr a meta acorde ao potencial intelectual. Esta última situación relaciónase co perfeccionismo que, en moitas ocasións, caracteriza aos nenos e nenas de altas capacidades e

que lles bloquea cando acometen unha tarefa con certa dificultade.

### *Confianza nas capacidades dun mesmo para executar unha tarefa (Autoeficacia)*

A pesar de ter altas capacidades moitos alumnos/as non confían na súa eficacia para conseguir os obxectivos propostos desde contextos externos. Este déficit de confianza bloqueálles e dificultálles o avance e a implicación en tarefas fundamentais para o seu éxito tanto académico como persoal. Hai problemas tanto de autoimaxe (parte descritiva do autoconcepto) como de autoestima (parte valorativa do autoconcepto) en nenos e nenas de altas capacidades. É moi importante detectar estas carencias para construír unha autoconfianza sa e equilibrada.

### *Valor dado á tarefa e/ou resultado (Interese Significativo)*

Unha das variables, con máis frecuencia, responsables da falta de motivación escolar é que a tarefa proposta desde a aula non leve un interese inherente para o alumno/a, o valor dado á tarefa é ínfimo e, no caso concreto do alumnado con altas capacidades, hai tarefas cun valor moito máis significativo e ás que dedican desproporcionadamente moito máis tempo e esforzo. Recoméndase, na medida do posible, relacionar algúns contidos académicos cos temas de gran interese para os alumnos e alumnas de altas capacidades.

Todo iso dinamizado desde a **Autorregulación**: metas realistas e estratexias adecuadas contribuirán a que os patróns motivacionais sexan adaptativos. Non esquezamos que a persistencia na tarefa dos nenos e nenas con altas capacidades é moi selectiva, chegando a ser obsesiva naqueles traballos que entran dentro dos seus campos de interese.

Cando todo isto está desorganizado, cando estas variables non se axustan á realidade aparece o chamado '**Síndrome de Baixo Logro**' - Underachievement (Baum, Renzulli and Hebert, 1995; Baum and Owen, 2004; Emerick, 1992; Reis and McCoach, 2002; Rimm and Lovance, 1992; Siegle e McCoach, 2005; Whitmore, 1980, 1986, 1989), a pesar da connotación patolóxica do termo, refírese a unha significativa discrepancia entre o Potencial e a Actuación (potencia e acto para Aristóteles) e, en consecuencia:

# O TRIÁNGULO MÁXICO DAS ALTAS CAPACIDADES

- Rexeitamento do sistema educativo
- Fracaso escolar (cuantitativo e/ou cualitativo)
- Problemas de conduta
- Rexeitamento de calquera sistema normativizado de aprendizaxe

A maioría das investigacións sobre este tema apuntan a que o baixo logro vai unido a unha baixa AUTOPERCEPCIÓN (autoeficacia e autoconcepo) e a unha pobre AUTORREGULACIÓN (pensamentos, sentimentos, accións autoxeradas que están, sistematicamente, orientadas cara ao logro). Todo iso unido a condutas menos dirixidas a metas e a certas actitudes máis negativas cara ao centro escolar e os profesores.

Nun traballo sobre a motivación dos superdotados (Pomar, 2001) atopamos que as percepcións pouco realistas e negativas do ambiente contribúen, excesivamente, a esta situación. Podemos falar de factores persoais e externos que inflúen nunha sensación de falta de control, de baixa autoestima, de pobre autorregulación, etc. Entre os factores

persoais destacan: medo ao fracaso, medo ao éxito, perfeccionismo, autopercepcións falsas, autopercepcións falsas. Polo que respecta aos factores externos: presións, rexeitamento social, expectativas da familia e da escola, etc.

É fundamental entender todas estas causas xerais do 'underachievement' para poder intervir adecuadamente desde o centro escolar. Non tería sentido ningunha actuación curricular

3175

*Flacciditate reverentem aut vestis sunt fuga. In emolupta voluptate es dem. Et quod voluptate ipient vid excess, sum fugia cullunda ipiet debet, quis est ipsam et exsone canes dele omnis es velum veris ea voluptaque lab il est verita voluptate nes nense plam, utation plique te te con prorem solyptati undum qui doleste quatur, voluptatur, sedit arit ves des ditia nibic to explaberit succibo rescicendi nense nes ipis cument denique cum quacrer a verecube. Us estetus, sunit, aududignasidillogyrron id modis erien etio? Quia nobis demgauri nen pla quiberon fugitias abe. Et laut veron hit fugia nis volupta censod quae. Florias id mincototum fuga. Ja. Hbium, tenisquam voluptus. Evendysunt andysan hieat est, po laut et succel caquaria*

se non se evitan, desde un principio, as seguintes situacións (apuntadas xa por Whitmore, 1980):

- Falta de respecto sincero por parte dos demais
- Clima social competitivo
- Inflexibilidade e rixidez
- Énfase na avaliación externa
- Control constante do adulto
- Currículo pouco reforzante de aprendizaxe

A identificación dos superdotados de baixo logro académico (underachievers) é, con frecuencia, máis difícil do que poida parecer. Para autores como Butler-Por (1987, 1993), estas serían algunhas pautas que axudan no devandito proceso:

- Observar as discrepancias entre habilidades superiores de razoamento cognitivo e o dominio do traballo escolar ordinario
- Atopar diferenzas entre temas de lectura de alto interese e o fallo á hora de completar tarefas xerais de lectura
- Observar persistencia en tarefas de alto nivel de actuación en temas de interese comparando coa baixa

motivación ordinaria no traballo escolar

- Utilizar a avaliación do profesor, do alumno e dos pais das capacidades e debilidades

Unha vez identificados estes alumnos e alumnas, é preciso pór en marcha algún programa de actuación concreto. A nivel xeral tamén podemos levar a cabo liñas de actuación que contribúan a paliar o fracaso destes alumnos no contexto escolar:


- Contrastar a información a partir dos procedementos oportunos de identificación
- Determinar as áreas de interese e de capacidade dos alumnos/as
- Analizar factores de personalidade e de autoconceito
- Estudar a realidade familiar
- Determinar a existencia de factores ambientais de risco que causan ou incrementan o baixo logro.

# O TRIÁNGULO MÁXICO DAS ALTAS CAPACIDADES

## PERFIL DE PERSONALIDADE

Falabamos da transcendencia do **ESTILO DE APRENDIZAXE** para un bo axuste académico.

Sabemos pola teoría de Robert Sternberg (1994, 1997) que os Estilos de Pensamento son fundamentais á hora de acometer con éxito as tarefas na nosa vida diaria e, máis concretamente, aquelas relacionadas



coa aprendizaxe; relaciónanse co control e a utilización dos nosos recursos e mecanismos de intelixencia para resolver problemas no contexto escolar e na vida diaria.

